



ASUNTO: Memoria-Informe para tramitar o “Convenio entre el Instituto Nacional de la Seguridad Social, el Instituto Social de la Marina y la Comunidad Autónoma de Galicia, en materia estadística”

ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

O Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), o Instituto Social da Mariña (ISM) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), conscientes da importancia de manter e reforzar as relacións de cooperación e o intercambio de información, subscribiron un primeiro convenio de colaboración o 11 de xullo de 2011 e un segundo o 13 de xaneiro de 2022.

A experiencia adquirida na execución destes dous convenios aconsella continuar cooperando, toda vez que o Estado ten competencia exclusiva sobre as estatísticas para fins estatais (artigo 149.1.31 da Constitución) e a Comunidade Autónoma ten competencia exclusiva sobre as estatística para fins autonómicos (artigo 27.6 do Estatuto de Autonomía).

Pola súa banda, a Lei 6/2024, do 27 de decembro, de Estatística de Galicia, establece no seu artigo 8.1 como misión do IGE a de dirixir e coordinar a estatística galega e no artigo 9.1.f.) a función de realizar as estatísticas e outras actuacións que se lle encomenden no Plan Galego de Estatística e nos seus programas anuais.

Polo exposto, parece conveniente subscribir un novo convenio de colaboración entre as tres entidades, coa finalidade de establecer un sistema estable e periódico de intercambio de información, para aproveitar con fins estatísticos a información contida nos ficheiros e bases de datos en materia de prestacións sociais públicas, competencia do INSS e do ISM.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Que dentro da Secretaría Xeral do IGE, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, segundo o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do IGE, asume o impulso e a tramitación administrativa do expediente.
- Que se deberá solicitar á Asesoría Xurídica da Presidencia da Xunta informe previo sobre o proxecto deste convenio de colaboración.
- Que por tratarse dun convenio sen achega ou obriga económica algunha, non se considera necesaria a súa fiscalización pola Intervención xeral ou delegada.
- Que é aplicable o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que conforman o capítulo VI “Dos convenios” dentro do título preliminar.
- Tamén é aplicable o establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos





INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



autónomos e entes de dereito público dependentes dela con outras administracións ou entes de dereito público ou privado.

A Xefa do Servizo Técnico Xurídico e de Contratación
Mónica Martínez Otero

Visto e praxe,

Secretaria Xeral
María Isabel del Río Viqueira

